

30 / IG especial domingo

A Asociazón de Escritores en Língua Galega:

Reflexións diante do Congreso

Primeiro Congreso

Está anunciado o primeiro Congreso da, aínda, nova Asociazón de Escritores en Língua galega para os días 1, 2 e 3 de

maio (se non erro) en Poio (Pontevedra). Entre os temas que se debaterán, achám-se os atinxentes á normalización e á normativización do galego; quer di-

cer (suponho), como pensa a AELGa que deve ser a normalidade nos empregos do Galego en Galiza e cal tem de ser a ortografía, no amplo sentido do termo, que se adopte definitivamente (?) para o galego.

Temas importantes

Como ve o lector, os temas son da maior importancia para o noso país. Mas tamén, o trátamense num Congreso de Escritores tem unha importancia máis grave pola seguinte razón: E inajeitada esta tarefa para os profesionais da literatura.

A nengum escritor español, francés, italiano ou inglés, a nengumha asociazón de escritores nestes idiomas, firmemente establecidos nos propios territorios, se lle ocorrerá defender a normalización da lingua (salvo as discusións sobre corrección e semelhanças). Só situacións conflitivas (como a do español em Puerto Rico ou a do francés na Canadá) provocarán o estudo destes temas em congresos de escritores ou de lingüistas.

Quer isto dicer que a situación do galego, canto idioma, é conflitiva nos seus falantes, no territorio onde se usa; é sintoma tamén que induzimos de que o congreso da AELGa aborde os temas da normalización e da normativización do galego.

Literatura e sociedade

Com afeito, a literatura, o discurso literario, nas presentes circunstancias culturais requere sociedades estaveis. Tal tipo de sociedades presenta-se de feito como espazo comunicativo no que os seus membros produzan e recabem informazóns dum feito normal, de acordo com normas que todo o mundo conhece e ás

que todo o mundo se atém, sem disfunções, sem rupturas, sem ambigüidades, sem arbitrariedades nem por parte dos usuários, nem mormente por parte dos que dirigen os procesos comunicativos.

Sobre ese tipo de sociedade estable pode-se construir literatura, precisamente porque ésta, discurso ficticio, tem como obxectivo negá-la (a sociedades) intencionalmente, bem pola via do divertimento ou bem pola via da moralización, ou por ambos os dous camiños.

Agradar e ensinar son finalidades que cumpre a literatura, se a sociedade na que xorde é estable. No caso contrario, e aínda em situacións estaveis, a literatura tentará (e será tentada de) encher outros obxectivos, como podem ser a protesta social, a reivindicación política, a propaganda e a suplencia doutros procesos comunicativos (prensa do corazón, desportiva, radio, TV...)

Géneros literarios na Galiza.

Pola razón antes aduzida, na Galiza resulta tam difícil facer literatura, teorizar sobre a produción e crítica-la. Por esa mesma razón, na Galiza a profesión de escritor converte-se em tarefa maldita e amaldizoada. "Se —Larra dixit— escribir na España é chorar", escrever na Galiza resolve-se em lutar (culturalmente) por todas as bandas: Pola do grupo de lectores (é um dicer), pola da sociedade "desestabilizada", dos procesos comunicativos non literarios, da literatura... A tensión dialéctica entre géneros, presente em todo texto, reveste nova configuración nas obras literarias escritas em galego.

Literatura e linguas na Galiza

Nom é o menos particularizado (no seio desa configuración) o aspecto que atinge as relacións entre lingua escrita, normativizada por definición, e literatura. A lingua, nom canto falada senón canto escrito, é a matéria que numha situación normal elabora o proceso literario (enténdase por activa e por pasiva).

Mas, que sucede nas situacións anormais? Que literatura é a que tenta elaborar —no noso mundo— umha lingua nom normativizada e escasamente escrita? Como pode ser literatura a que tem que abranger, recoller e suplir tarefas que desbordan das suas próprias? Que literatura é a que nom tem lectores ou que se, entre outras causas por empregar umha lingua alheia ao ensino?

Comprenderá-se, portanto, que a Asociazón de Escritores em Língua Galega discuta, no seu primeiro Congreso, temas sobre a normalización e a normativización do galego.

Porém, digamos finalmente máis umha vez que os escritores nunca poderán conseguir o emprego normal dumha lingua; som as suas obras as que xordem num emprego normal da mesma. Que os escritores non temhem de sinalar a ortografía dum idioma; o seu traballo presupóm a lingua já normativizada. Mas que, a pesar de todo, os escritores fam bem, por verem-se obrigados, em falar da normalización e, talvez, em propor a unificación das normativas ortográficas do galego... "Galiza, boi de palha..."

A. GIL HERNANDEZ